



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE XULLO DE 2019

### LICENZAS

#### FAVORABLES

**LIC/1110/2018.- FRANCISCO JAVIER VEIGA VALIÑO.-** Conceder licenza para adecuación de fachadas e elementos exteriores e reordenación volumétrica en edificación existente sito na Rúa do Medio nº 37.

**LIC/1422/2018.-ALBERTO SENÍN CAMARGO.-** Conceder licenza de obra nova para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgoso nº 26 A.

**LIC/1547/2018.- VICENTE SILVALDE MARTÍNEZ e D<sup>a</sup> MARÍA ÁNGELES GÓMEZ MARIÑO.-** Concesión de licenza para demolición de vivenda sito na rúa Castiñeiriño nº 38.

**LIC/1549/2018.- VICENTE SILVALDE MARTÍNEZ e D<sup>a</sup> MARÍA ÁNGELES GÓMEZ MARIÑO.-** Aceptar cesión de viario formalizado en escritura pública e concesión de licenza de obra nova para construción dunha vivenda unifamiliar sito na rúa Castiñeiriño nº 38.

**LIC/1954/2018.-CARLOS AMBOAGE LÓPEZ e D<sup>a</sup> MAR CASTIÑEIRAS PIÑEIRO.-** Aceptar a cesión de viario formaliza na escritura pública e conceder licenza de obra nova para a construción dunha vivenda unifamiliar illada sito na rúa campos.- Parcela A-3.

**LIC/481/2019.- YAGO ROJO FERNÁNDEZ.-** Concesión de licenza para construción de vivenda unifamiliar sito no lugar de Pardiñas 14 A.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para adecuación de fachadas e elementos exteriores e reordenación volumétrica en edificación existente sito na Rúa do Medio nº 37. LIC/1110/2018.** Concédese a licenza.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra nova para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgoso nº 26 A. LIC/1422/2018.** Concédese a licenza.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para demolición de vivenda sita na rúa Castiñeiriño nº 38. LIC/1547/2018.** Concédese a licenza.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizado en escritura pública e concesión de licenza de obra nova para construción dunha vivenda unifamiliar sito na rúa Castiñeiriño nº 38. LIC/1549/2018.** Concédese a licenza.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizado en escritura pública e conceder licenza de obra nova para a construción dunha vivenda unifamiliar illada sito na rúa Campos.- Parcela A-3. LIC/1954/2018.** Concédese a licenza.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para construción de vivenda unifamiliar sita no lugar de Pardiñas 14 A.- LIC/481/2019.** Concédese a licenza.

**8.- Proposta da alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 7.6.19, para a posta en marcha do programa integral "Santiago E-COM II"; e aprobación da memoria.** Apróbase a solicitude da subvención, por 175.340,74 euros, para o proxecto, cun orzamento total de 219.175,92 euros, así como a achega do Concello, por un importe de 43.835,92 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativa á estimación parcial do recurso de reposición interposto por CESPASA contra o acordo da sesión de 28.12.18, de revisión de prezos do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado urbano do concello de Santiago de Compostela; así como á aprobación da revisión de prezos do citado contrato con referencia a maio de 2019.** Estímase parcialmente o recurso, no sentido de ter en conta como data de inicio do cálculo da revisión prezos o 27 de marzo de 2014, desestimando o recurso en canto ao resto. Apróbase a revisión de prezos.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á aprobación de pagos a conta á empresa "TRALUSA" pola prestación do servizo de transporte urbano de viaxeiros correspondente ao ano 2019.** Apróbanse os pagos correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2019, por un importe total de 1.691.280,24 euros.

**11.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.** Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello de Santiago percibe 2.325.000 euros.

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación da programación de festas do Apóstolo 2019.** Apróbase a programación.

**2. Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á desestimación das alegacións formuladas no expediente de resolución do contrato de execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas (POS 2015).** Desestímase as alegacións formuladas pola empresa Construcciones Taboada Ramos SL, ante o incumprimento da obriga esencial do citado contrato, consistente na execución defectuosa das obras por culpa imputable exclusivamente á empresa contratista.